

OPINIÓN

Previr o acoso escolar, materia pendente

BEATRIZ GÓMEZ GÓMEZ
TRABALLADORA SOCIAL



Ana Garcia

02 may 2023 . Actualizado a las 05:00 h.



Comentar · 0

Non so o 2 de maio, día internacional contra o **acoso escolar**, senón tamén os outros 364 días do ano cómpre lembrar a magnitude desta problemática á que toda a sociedade debe facer fronte:

e para iso, é esencial coñecela, unha tarefa nada sinxela posto que polo menos unha de cada catro vítimas non o conta nunca ou tarda moitos meses en facelo, e tamén é fundamental mover ficha, actuar.

O suicidio de Jokin en 2004 marcou un punto de inflexión: pasouse de tratar o tema como « cousas de nenos » a centrarse no acoso escolar como unha problemática sobre a que intervir, converténdose nunha preocupación social. Nin son cousas de nenos nin falamos so de cifras. Son menores que sofren maltrato por parte dos seus iguais, de forma repetida ata o punto de amosar, como indican estudos recentes, seis veces máis probabilidades de presentar trastornos psicolóxicos como a **depresión** e ata cinco de manifestar ideacións suicidas.

Analizando as cifras do estudo *Impacto da Tecnoloxía na Adolescencia*, levado a cabo por Unicef, o psicólogo Antonio Rial Boubeta, considera que a maior parte das estatísticas relacionadas coa violencia en mozos están experimentando repuntes nos últimos anos.

O psicólogo Ricardo Fandiño destaca que é frecuente que se poñan nos nenos e nenas expectativas de éxito e estimulalos nun sistema educativo e relacional cada vez máis competitivo. Neste contexto, cando chegan á adolescencia, cústalles moito saber de tolerancia á frustración, das propias limitacións, das dificultades, do esforzo, etcétera. Necesitan que o éxito estea garantido e realmente o éxito social é moi difícil para eles. Se ademais son mozos con dificultades no desenvolvemento da empatía, o risco de reaccionar violentamente cando non conseguen o que queren aumenta, ben sexa de forma autoinfrinxida (autolesións ou **suicidio**) ou exercendo violencia cara outros.

Se entendemos que crecer é un proceso de sucesivos desprendementos de cara á autonomía en función das habilidades adquiridas (Mirtha Cucco, 2012), entendemos que nenos deberían chegar á adolescencia preparados, ou cando menos con certos mimbres esenciais, como ter adquirida a noción de límite, de que non todo é posible (por moito que a boneca Barbie repita «puedes ser lo que quieras ser», non é certo) ou ter interiorizado que o outro tamén conta, inda que o imaxinario social actual, a atomización e individualización nas que estamos inmersos e nos atravesan a todos, dificultan estes procesos.

Todos queremos que o entorno máis próximo nos quiera. Os **adolescentes** queren ser aceptados polos seus pares. Sentir que iso pode estar en cuestión xéralles un sufrimento que para que non chegue a manifestarse de formas máis ou menos patolóxicas (comportamentos inadecuados, disruptivos, violentos...) deben poder elaborar, e para iso contar con adultos referentes que lles axuden a decodificar o que acontece e elaboralo de forma saudable.

Os centros de ensino son espazos idóneos para detectar estas situacións de vulnerabilidade, de desigualdade, de abuso, actuar para previlas e dotar á mocidade de ferramentas para poder resolvelas de xeito saudable.

Tarefa difícil pero non imposible, para a que contamos con avaladas estratexias de prevención universal como o YAM (*Youth Aware of Mental Health*), programa impulsado en Galicia grazas ao traballo do psiquiatra Alexandre García Caballero, consistente en convidar aos participantes a aprender e debater sobre saúde mental nun espazo sen prexuízos. No YAM, o alumnado participante


interpreta dilemas e situacións da vida cotiá, debatendo como os fan sentir, proporcionándolles información, etcétera.

O modelo social que nos atravesamos a todos, que busca a felicidade inmediata a través do consumo, que promete fantasías que logo non se cumpren, conduce aos adolescentes a unha fragilidade extrema ante o fracaso, tendo en conta que ante a incerteza do futuro so queda o agora, e cando este é doloroso (acoso, abuso, rexeitamento...) aparece a ideación suicida.

Debido á natureza social destas situacións, a solución pasa por fomentar un «contra consenso» que desafíe os consensos establecidos sobre a crianza, o proceso de crecer, os valores e ideais de referencia... Convén xerar espazos de reflexión grupal, con adolescentes, con proxenitores e con docentes, que é, en boa parte, o que ofrece o modelo YAM.

Se apostamos por un modelo educativo que forme ante todo persoas, debemos traballar tamén desde o grupal nos centros educativos, xerando espazos de reflexión colectiva nos que tentar deconstruír os modelos hexemónicos establecidos, modificar prácticas sociais que promoven as desigualdades e rehabilitar o benestar na comunidade educativa e, por extensión, na sociedade en xeral, e para iso non chega so un día de visibilización, debe ser unha materia permanente ao longo de todo o ano.

Archivado en: Acoso escolar Suicidio



Comentar · 0

También en La Voz

Las farmacias gallegas llevan toda la mañana sin poder dispensar medicamentos con receta: «Echamos chispas»

E. ÁLVAREZ



Sanxenxo, la conexión entre el rey emérito y la aristócrata que niega ser su hija secreta

MARÍA HERMIDA



Comentarios

Para comentar es necesario estar registrado en lavozdeg Galicia.es

Regístrate gratis

Iniciar sesión

Texto a buscar...

BUSCAR

Cambiar idioma: Galego

SUSCRIPTORES

Mi suscripción

EDICIONES

A Coruña

A Mariña

[Réplica en PDF](#)

[Hemeroteca](#)

[Suscríbete](#)

REGISTRADOS

[Mi perfil](#)

[Newsletters](#)

[Regístrate](#)

CONTACTO

[Cartas al director](#)

[Contacta con nosotros](#)

PUBLICIDAD

[Tarifas publicitarias](#)

[Servicios](#)

[Oferplan](#)

[INMOGalia](#)

[Eventos en Galicia](#)

[Contacto](#)

RESPONSABILIDAD SOCIAL

[Eficiencia energética](#)

[Arousa](#)

[Barbanza](#)

[Carballo](#)

[Deza](#)

[Ferrol](#)

[Lemos](#)

[Lugo](#)

[Ourense](#)

[Pontevedra](#)

[Santiago](#)

[Vigo](#)

[Galicia en 313 concellos](#)

SECCIONES

[Portada](#)

[Galicia](#)

[Economía](#)

[España](#)

[Internacional](#)

[Opinión](#)

[Deportes](#)

[Sociedad](#)

[Cultura](#)

[Gráficos](#)

[Somos Agro](#)

[Somos Mar](#)

[Obituarios](#)

[La Galicia Económica](#)

[El tiempo](#)

[Torre de Marathon](#)

[Grada de Río](#)

VERTICALES

[La Voz de la Salud](#)

[Escuadra](#)

[Sabe Bien](#)

[Global Galicia](#)

[Estudiar en Galicia](#)

[La Cocina de Frabisa](#)

[Red](#)

[Plata o plomo](#)

[Ven A Galicia](#)

[Enfoque](#)

[Vive el Camino](#)

[Chapuzas Gallegas](#)

[La Mochila Roja](#)

[Galicia Innova](#)

[Mi Negocio](#)

SUPLEMENTOS

[Mercados](#)

CD Lugo
Andar Miudiño
Forza Breo
Fútbol gallego
Motor gallego

Fugas
Yes
La Voz de la Escuela
On

NEWSLETTERS



Hoy en La Voz

La información más destacada del día, de lunes a viernes a primera hora de la mañana



Al final del día

Un resumen de las noticias que debes saber antes de acostarte



7 días 7 historias +

Una selección de los mejores contenidos de la semana, exclusiva para suscriptores



Educación

Recibe cada lunes novedades e información útil sobre el mundo de la Educación



Somos Agro

Recibe cada miércoles la información más relevante del sector primario



5 océanos

Boletín diario para marineros en formato comprimido (conexiones de baja velocidad)



Global Galicia

Cada viernes, un resumen de la semana en Galicia y sobre los gallegos en el exterior



A Coruña

Recibe de lunes a viernes toda la actualidad y la información más destacada de A Coruña



Ferrol

Recibe toda la actualidad y la información más destacada de Ferrol



Santiago

Recibe toda la actualidad y la información más destacada de Santiago



Vigo

Recibe toda la actualidad y la información más destacada de Vigo



Ourense

Recibe toda la actualidad y la información más destacada de Ourense

APLICACIONES MÓVILES

La Voz de Galicia

Toda la información en tu móvil. Recibe notificaciones y no te pierdas la actualidad más relevante



Periódico en PDF +

La experiencia de lectura del diario impreso, ahora, en formato digital



REDES SOCIALES



TELÉFONO GRATUITO DE ATENCIÓN AL SUSCRIPTOR

900 154 218

Dudas o consultas

suscripciones@lavoz.es

Corporación Voz de Galicia Fundación SRFL Voz Audiovisual RadioVoz Sondaxe Canalvoz Voz Natura Prensa-Escuela MPXA Galicia
Editorial

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (ESPAÑA) Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes,
hoja C-2141. CIF: A-15000649.

[Aviso legal](#) [Política de privacidad](#) [Política de cookies](#) [Condiciones generales](#)
